



NARÓN

Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - PMTD	
Número expediente:	Documento:
CON/26/2019	CON13I0XX
5F166H5I3T280J4V0872	

Espazo reservado para o número de resolución
Non utilizar

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe proposta emitido polo xefe de Sección de Contratación con data 12 de xullo de 2017 en relación co expediente para a contratación do servizo de mantemento e actualización dos programas informáticos "Spai Ingresos" e "Spai Sical", en cumprimento do disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no que se establece que:

"Antecedentes"

O expediente foi iniciado mediante resolución da Alcaldía de data 26 de xuño de 2018.

O obxecto deste contrato é o mantemento das aplicacións informáticas "Spai Ingresos" e "Spai Sical" que comprenden os servizos seguintes:

- Xestión tributaria
- Recadación voluntaria
- Recadación executiva
- Contabilidade pública local

As características dos servizos a prestar son os seguintes:

- Soporte ao Concello de Narón , que se concreta en: asistencia telefónica e mantemento segundo o detalle que consta no prego de prescricións técnicas.
- Actualización do software na parte que corresponda a cada un dos produtos que se pretenden contratar segundo as especificidades do prego técnico.

A licitación realizarase mediante procedemento negociado sen publicidade dado que as licencias dos programas descritos son titularidade da empresa Spai Innova Astigitas SL, condición que acreditada no contrato anterior, cando esta empresa absorbeu a rama de actividade da empresa UNIT4 Business Software



Iberica SAU, anterior titular dos dereitos de explotación e comercialización destes programas.

O orzamento base de licitación será de 31.750,40 €.

No expediente consta de informe de necesidade do servizo e alcaldía, incoación do expediente, informe de procedemento, certificado de existencia de crédito e informe sobre o órgano de contratación prego de cláusulas administrativas, así como das técnicas e informe do Secretario Xeral, sobre o procedemento seguido.

Lexislación Aplicable

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— *Artigos 116, 117, 122, 124, 166, 168 a 171 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

— *O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.*

— *O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.(Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).*

Visto canto antecede e de conformidade co informe do Secretario Xeral, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público."

Polo exposto e unha vez fiscalizada de conformidade a proposta de aprobación do expediente polo departamento de Intervención de Fondos con data 15 de xullo de 2019 (IGA13I0FX), esta Alcaldía en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda da LCSP, vén RESOLVER:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para o servizo de mantemento e actualización dos programas informáticos "Spai Ingresos" e "Spai Sical".



SEGUNDO. Aprobar o gasto de 5.291,73 €, correspondente ao presuposto vixente, IVE incluído.

Ano 2020 – 15.875,20 (aplicación orzamentaria 9310/22799)

Ano 2021 – 10.583,47 (aplicación orzamentaria 9310/22799)

TERCEIRO. Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e os de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato.

CUARTO. Dispoñer a apertura da licitación mediante procedemento negociado sen publicidade ao amparo dos artigos 168 e seguintes da LCSP, con tramitación ordinaria.

*Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)*